

Martes, 25 de xuño de 2024

Núm. 123

ADMINISTRACIÓN LOCAL**MUNICIPAL****GROVE, O****Ordenanzas e Regulamentos***PUBLICACIÓN DEFINITIVA DA MODIFICACIÓN DA ORDENANZA FISCAL DA TAXA
SUMIDOIROS E DEPURACIÓN DE AUGAS RESIDUAIS***A N U N C I O**

De conformidade co establecido no artigo 17.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das facendas locais, finalizado o período de exposición pública sen presentarse reclamación ningunha, enténdese definitivamente adoptado o acordo do Pleno do concello de data 29.04.2024, de aprobación provisional da modificación da Ordenanza fiscal reguladora da taxa pola prestación do servizo de redes de sumidoiros e depuración de augas residuais, no artigo 6º no parágrafo relativo á instalación de caudalímetros, publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra o 09/05/2024 (BOPPO nº 91), procedéndose segundo o disposto no artigo 17.4 do devandito texto legal, á publicación do acordo automaticamente elevado a definitivo.

ARTIGO 6º- parágrafo relativo á instalación de caudalímetros:

No caso especial de que o obrigado ao pagamento non dispoña de subministración municipal de auga e se sirva de rede privada ou de pozo, ou dispoñendo de subministración de auga tamén se sirva de pozo, quedará obrigado a instalación de caudalímetro.

De non proceder a súa instalación, lle será de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstos na Ordenanza do servizo de saneamento e depuración de augas residuais aprobada polo Pleno municipal do 30/05/2016 e publicada no BOPPO do 08/07/2016, e das súas modificacións posteriores se as houbere.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da ordenanza fiscal, aprobada polo Pleno da corporación local, entrará en vigor unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.

O Alcalde — Jose Cacabelos Rico.

